

A MÚSICA NA IDADE MEDIA

O obxectivo desta actividade é situar nun mapa a través da aplicación de Google Maps, lugares e documentos relacionados coa Idade Media.

O TÍTULO DO MAPA será a MÚSICA NA IDADE MEDIA .

Crearemos dous ROTEIROS ou ITINERARIOS distintos.

ROTEIRO 1 : O ROMÁNICO SÉCULOS X - XII

Sinalamos 5 **puntos** aos que hai que engadir **icono**, **texto** e 2 ou 3 **imaxes** **representativas**.

1- Guido d'Arezzo. Italia

Buscar casa natal de Guido de Monaco

Texto: Guido d'Arezzo é o creador do tetragrama e das notas musicais. No seu Himno a San Juan Bautista, cada primeira sílaba de verso orixina o nome dunha nota musical. Na súa vila natal pódese contemplar unha estatua adicada a el.

2- Abadía de Cluny Francia

Texto: Este centro de peregrinación considérase a orixe do estilo románico.O seu patrón de construción esténdese por todo o camiño de Santiago.

3- Igrexa de San Clemente de Tahull. Lérida

Texto : Trátase dunha igrexa típicamente románica situada na provincia de Lleida. No seu interior atópase o mellor símbolo da sociedade teocéntrica da Idade Media, a figura do Pantocrátor. Esta representación de Cristo simboliza que Deus é o principio e o fin de todas as cousas.

4- Mosteiro de Santo Domingo de Silos Burgos

Texto: Este mosteiro contou cunha escola que impartía ciencia e letras.

Hoxe en día, as voces dos monxes seguen entoando canto gregoriano, buscando con esta música achegar o espírito do home con deus. Os seus monxes gravaron numerosos discos e foron número 1 de vendas na década dos anos 90.

5- Catedral de Santiago de Compostela

Texto: É a obra máis importante do románico da Idade Media na Península Ibérica. É a meta final de todos os caminos de Santiago que durante séculos levaron aos peregrinos da cristiandade cara a tumba do apóstolo Santiago.

O pórtico da Gloria recolle a mellor representación en pedra dos instrumentos musicais do medievo en corda: fídulas, salterios e harpas.

ROTEIRO 2 : O GÓTICO SÉCULOS XIII-XVI

1- Catedral de Notre Dame París

Texto: Ao redor desta famosa catedral xorde a primeira escola de polifonía relixiosa medieval. Nos seus arquivos, atópanse numerosos documentos con notación mensurada.

2- Catedral de Burgos

Texto: Esta catedral castelá segue o modelo do gótico francés. No 2021 celebra os seus 800 anos de antigüidade. Nas aforas da cidade, nun mosteiro chamadas **Las Huelgas**, atopamos un dos mellores manuscritos de polifonía medieval que se conservan na Península.

3- Biblioteca Nacional de Madrid

Texto: Nesta biblioteca atópase un dos catro códices das Cantigas de Santa María, cantigas relixiosas interpretadas con voces e instrumentos, que aparecen representados nas súas miniaturas. Foron recopiladas polo rei Alfonso X, quen sabía compoñer ao estilo dos trovadores.

4- Castelo de Oropesa Toledo

Texto: Castelo gótico onde os xograres facían as súas actuacións. O seu dono era un señor feudal que posuía terras, igrexas, colexios... Tamén participou en numerosos combates.

5- Monumentos escultóricos a Martín Códax e Mendo

Texto: Atópanse na Illa de San Simón na parroquia de Cesantes, Redondela. Son dous dos trovadores máis representativos da Ría de Vigo.